

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

ACTA Nº 2020/1

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

O día vinte e catro de xaneiro de 2020, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde accidental, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Cándido Eusebio Preto Lago

Asisten: Marina Tojeiro Martínez, David Prada Aneiros, Cristian Carrodegas Graña, Patricia Santalla Pérez, María-Amalia Díaz Rodríguez e Alberto Javier Rey Paz

Ausencias: Benigno Galego Castro, Rocío Martínez Martínez


Secretaria-Interventora: Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde accidental como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA

1. Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o día 19.12.2019 e corrección dun erro no acordo do pleno do día 19.12.2019 de aprobación do presuposto municipal, Anexo do cadro de persoal. A secretaria da lectura a proposta de acordo que se copia deseguido: Advertido un erro no cadro de persoal para o ano 2020 e o abeiro do disposto o artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública. Propoño ao órgano competente o seguinte ACORDO: Corrixir un erro numérico, no acordo do pleno do día 19.12.2019 no punto de aprobación do presuposto municipal 2020 no anexo de persoal xa que no nivel do posto de traballo de Traballador Social pon 26 cando debería poñer 24. Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.

2.-Declaración da Casa Niño de Soosloueiros como Instalación de Interese ou Utilidade Municipal. A secretaria da lectura a proposta do acordo que se copia deseguido: Unha vez presentada por Antía Gómez Galego unha solicitude para que se leve a pleno a petición de declaración da casa niño da cal é responsable, para que poida ser declarada de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. Dende esta alcaldía consideramos de significativa importancia a creación de postos de traballo en Cerdido e temos en conta que con esta iniciativa se cumpre o obxectivo principal de mellora das infraestruturas de educación e formación no termo municipal. A instalación da casa niño estará dirixida a primeira infancia, e ofrecerá un gran servizo en materia de educación e formación dirixido aos nenos e nenas de 0 a 3 anos do que ata o momento carecía o noso concello. A proposta realizada pola responsable do proxecto, coa documentación que acompaña, demostra que acada o obxectivo de mellora en crecemento e emprego ao crear un novo posto de traballo, polo que visto que se cumpren os requisitos esixidos, esta alcaldía propón ao pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Declarar a casa niño que se instalará en Soosloueiros ben de especial interese ou utilidade



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

municipal e poida así ser beneficiaria das bonificacións recollidas nas ordenanzas fiscais reguladoras do imposto sobre construcións, instalacións e obras e do imposto sobre bens inmobles aprobadas por este concello.

- Aprobar unha bonificación do 50 % no imposto sobre construcións, instalacións e obras e no imposto sobre bens inmobles deste concello. Cerdido, 20 de xaneiro de 2020 O Alcalde, Benigno Galego Castro .

Os membros presentes do pleno aprobaron en votación ordinaria e por unanimidade a proposta anterior .

O alcalde accidental explica que a utilidade pública ven motivada pola creación de posto de traballo , xa que se contempla unha bonificación do 50% a lo menos cando se creen ata 10 postos de traballo

O concelleiro Alberto Rey Paz , pregunta si existe outra entidade ou asociación que fora declarada de interese municipal .O alcalde accidental pregunta a secretaria sobre este tema , e esta afirma que non

3 Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal .A secretaria da lectura a proposta do acordo que se copia deseguido :

ANTECEDENTES

O Concello de Cerdido aprobou, na sesión plenaria celebrada o 14/11/2017, a súa adhesión ao Convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño para regular o proxecto Xeoparque de Ortegal. Froito da dita cooperación os concellos implicados tomaron a decisión de crear unha asociación, sen fin de lucro, que se encargue da xestión dos asuntos que teñan que ver coa candidatura e co funcionamento do futuro Xeoparque do Cabo Ortegal.

Documentación anexa:


- Informe da secretaria-interventora do Concello de Cerdido
- Informe do secretario-interventor do Concello de San Sadurniño
- Informe da secretaria do Concello de Cedeira
- Estatutos da asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal

Neste senso, a Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, para o seu debate e aprobación a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Autorizar a adhesión do Concello de Cerdido á Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal, formada polos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal, que se engaden como anexo.

TERCEIRO.- Nomear ao Alcalde, Benigno Galego Castro, como representante do Concello de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

Cerdido no proceso de constitución da dita Asociación, e ao alcalde e ao concelleiro Cándido Prieto Lago ou persoas en quen deleguen, como representantes na asemblea xeral da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.

CUARTO.- Comunicar este acordo á Alcaldesa de Moeche, como presidenta do Consello de dirección da Comunidade intermunicipal do proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal. Cerdido, 21 de xaneiro de 2020 O Alcalde, Benigno Galego Castro

ANEXO 1 : Estatutos da asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal

Capítulo I Da asociación en xeral


Artigo 1º.- 1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal” 2. A asociación rexerese polos citados estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- No momento de constitución o domicilio social da asociación radicará na Casa Consistorial do concello de Moeche, Estrada San Ramón, s/n, 15563, situada na provincia da Coruña co teléfono 981 40 40 06 e a web www.moeche.gal

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.- 1. A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente. 2. A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas: a. Terá un carácter non lucrativo. b. Para o cumprimento dos seus fins a asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros. c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados. e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa 2 repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios. g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público. 3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.- 1. Son fins principais da asociación: a. Promover o desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, con especial apoio dos seus valores xeolóxicos, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercute no beneficio das persoas que viven no devandito territorio. b. A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

especial fincapé no seu patrimonio xeolóxico e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación. c. O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación (regrada e non regrada) e difusión, e o impulso de outras ciencias naturais e ambientais. d. A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural. e. A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística, etc.) e daráselle prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio xeolóxico, paleontolóxico e arqueolóxico. f. O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do territorio. g. O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza, con especial atención aos seus valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade. h. A mellora da calidade turística e a oferta do territorio. i. A dinamización de actividades económicas compatibles cos obxectivos do Xeoparque, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais. j. Promover e realizar as accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación. k. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa dos diferentes xeoparques.


3 2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá: a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes. b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal nos concellos membros. c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros. d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios. e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos. f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias. g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente. h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

Capítulo II. Das persoas asociadas

Artigo 6º.- 1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos que integren o Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos. 2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión. 3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Esta separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral. 4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación: a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren. b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno. c. Participar nas áreas da asociación. d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos. 4 e. Ter coñecemento da execución do orzamento. f. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación: a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno. b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse. c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º.- A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos: a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3. b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva. c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período. d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo 1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Xeoparque do Cabo Ortegal. 2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas. 3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.


Capítulo III. Dos órganos da asociación

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes: 5 - Asemblea xeral onde están representados todos os socios. - Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo/a presidente/a, vicepresidente/, secretario/a, tesoureiro/a e tres vogais.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral: a. Aprobar a modificación dos estatutos. b. Aprobar o plan de actuacións da asociación. c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno. d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias. e. Disolver a asociación. f. Establecer a estrutura organizativa. g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven. h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.- 1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias. 2. A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos dúas vez ao ano, sendo convocada pola Presidencia cun mínimo de sete días de antelación á data da súa celebración. 3. A asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola Presidencia ou por petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior. 4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora da súa celebración. Acompañarase á convocatoria a orde do día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia. 6 Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para: a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores. b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas. c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado. d. Modificación de estatutos. e. Destitución do presidente. f. Disolución da entidade.

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo/a presidente/a, asistido da Secretaría, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.


Artigo 18º.- A Presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O/A vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e os tres vogais que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos. A Vicepresidencia substituirá á Presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.- 1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos. 2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas: a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea. b. Por perda da condición de membro da asociación. c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes. 3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20º.- O/A presidente/a da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións: a. Representar a asociación. b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión. 7 c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade. d. Ordenar e autorizar pagos. e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Capítulo IV Doutras órganos da asociación

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións: a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación. b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña. c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

bens da asociación e dea parte á asemblea xeral. d. Executar os acordos da asemblea xeral. e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre. f. Velar polo bo funcionamento da asociación. g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela. A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.


Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería 1. Son funcións da secretaría: a. A función de xefatura dos servizos administrativos da asociación. b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación. c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente. 1. Son funcións da Tesourería: a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade. 8 b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente. c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión. 1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola asociación. 2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes: a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación. b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación. c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas. d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir. e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión. f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membros respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación. g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación. h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma. i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación. 9

Capítulo V Réxime económico

Artigo 24º.- Patrimonio da asociación O Patrimonio da asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica. A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo 25º.- Dotación patrimonial da asociación A dotación patrimonial da asociación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

Artigo 26º1. Os recursos da asociación procederán de: a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros. b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos. c. As subvencións ou doazóns que se reciban. d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións. 2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes: - Ata 1.000 habitantes - De 1.001 a 2.000 habitantes - De 2.001 a 3.000 habitantes - De 3.001 a 4.000 habitantes - Máis de 5.000 habitantes 3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas. 4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación. 10 5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional. Capítulo VI Modificación dos estatutos

Artigo 27º.- A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con, polo menos, tres dos asociados. O acordo de modificación adoptarse por maioría absoluta dos asistentes. Capítulo VII Disolución da asociación

Artigo 28º.- 1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da asociación: a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil c. Por resolución xudicial e firme 2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

Disposicións adicionais Primeira.- En calquera outro suposto non recollido nestes estatutos, aplicarase a vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.


Documentación anexa :

INFORME SECRETARIA-INTERVENCION

Dª Paula Díaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido (A Coruña) , en cumprimento do disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo , polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional como interventora e como secretaria posto que o futuro acordo de aprobación exixirá maioría absoluta dos membros do pleno en cumprimento a su vez do disposto no artigo 47. 2. g) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e a vista dos seguintes antecedentes de feito:

1.-Proxectos de estatutos dunha futura asociación de concellos para a xestión do Xeoparque do cabo Ortegal

2.-Convenio de cooperación para regular o proxecto Xeoparque do Ortegal asinado o dia 23 e febreiro de 2018 a Deputación da Coruña e os concellos de Cariño , Cedeira , Cerdido , Moeche ,



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

Ortigueira , San Sadurniño e Valdoviño

Lexislación aplicable

Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local

Lei 27/2013, de 27 de decembro , de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financiera.

Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación

Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia

Asi como outro material de apoio : Consulta realizada a observatorio de estabilidade orzamentaria de COSITAL NETWORK¹

1 . Esta secretaria informa :

PRIMEIRO : O texto dos Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque Cabo Ortegal , asi como a súa constitución supón a creación dunha persoa xurídica independente dos seus asociados (unicamente concellos) ao abeiro do disposto na Disposición adicional 5 da Lei 7/1985, que así o posibilita o establecer que :


As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nel, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Revisado o expediente que consta unicamente dos estatutos da asociación considero que no expediente, faltan documentos e datos esenciais para a súa aprobación. Falta de documentación para poder dar cumprimento o disposto no artigo 7.3 Lei 2/2012 de Estabilidade orzamentaria no que se establece que :

As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira .

Nos Estatutos da Asociación , establece que asociación terá un orzamento composto entre outros polo achegas do seu membros(non se establece a cuantía) , non se establece ningunha clausura no que se estableza que os cargos non poden ser retribuídos , polo que en un futuro o funcionamento da asociación implicará gastos , agora indeterminado , polo que ante a ausencia dun estudio de custes o memoria económica dos gastos que vai xerar esta asociación , non se pode emitir ningún informe

¹.-Observatorios de Cositalnetwork son espazos especializados nas principais materias relacionadas co mundo local. Concíbense como un espazo aberto a todos os profesionais que prestan servizo nas Entidades Locais o que se pretende é dar unha visión como profesionais da Administración Local con amplos coñecementos nestas materias, como Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, desde un punto de vista rigoroso, de actualidade e da maneira máis práctica posible. Depende do Colexio de Secretarios , Interventores e Tesoureiros nacional



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

sobre a súa incidencia nos principios de estabilidade presupostaria que segundo os datos remitidos o Ministerio e Facenda do 4 trimestre do ano 2019 , procederase a un incumprimento de estabilidade presupostaria e regra de gasto no exercicio 2019 polo que se deberá realizar outro Plan Económico Financeiro no momento que se concrete a liquidación do ano 2019 .

Fago miñas as consideracións remitidas pola Observatorio da estabilidade presupostaria de COSITAL NETWORK en relación a consulta realizada para este caso en concreto :

“El proyecto de estatutos parece un brindis al sol, puesto que sin plan de viabilidad y proyecto de actuaciones concretas se desconoce y no se puede asumir el alcance de una iniciativa que tiene que tener limitado el gasto desde inicio. Es decir, sin proyecto técnico y presupuesto no es posible aprobar, con todos los respetos, una iniciativa cuyo gasto se desconoce, por incumplirse el objeto de la obligación que se asume, (nulidad de pleno derecho por falta de definición del objeto de contrato, que no tiene contenido) No es posible asumir/aprobar algo indefinido, no basa un proyecto de estatutos, tiene que haber un proyecto técnico de actuaciones, un plan de actuación, un plan de viabilidad, y un estudio económico y financiero completo, con detalle del objeto y su coste, que seguro incluye la contratación de un personal fijo (nueva plantilla, cuentas, presupuestos, liquidaciones, contratación...)”


SEGUNDO : Duplicidade administrativa .

O día 23 e febreiro de 2018 a Deputación da Coruña e os concellos de Cariño , Cedeira , Cerdido , Moeche , Ortigueira , San Sadurniño e Valdoviño asinaron un convenio de cooperación para regular o proxecto Xeoparque do Ortegaleiro no que se formalizaba nun comunidade intermunicipal a xestión conxunta do futuro Xeoparque do Ortegaleiro a través da técnica da cooperación reguladas nos artigos 144 e seguintes da Lei 40/2015 do sector público que permite a xestión compartida do proxecto do xeoparque Ortegaleiro . A creación desta asociación co nome de Asociación para xestión do xeoparque do Ortegaleiro , cos mesmos membros que a regulada no convenio agás a Deputación da Coruña , pode implicar unha duplicidade administrativa . Falta documentación para concretar as funcións de cada unha das entidades . Evitar duplicidade administrativa é un dos obxectivos establecidos no Preámbulo da Lei 27/2013, de 27 de decembro , de racionalización e sustentabilidade da Administración Local no que establece como obxectivos básicos: clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades con as competencias doutras Administracións de forma que se faga efectivo o principio «unha Administración unha competencia»

TERCEIRO : Asunción de competencias non propias do Concello Do análise dos Estatutos , e en concreto os seus fins , exceden as competencias municipais establecidas no artigo 25 da Lei 7/1985, podendo ser consideradas competencias doutras administracións , que para ser exercidas pola Administración local o ben por delegación seguindo o procedemento disposto no artigo 27 da Lei 7/1985 ou ben deberase seguir o procedemento establecida para as competencias delegadas o das distintas das propias e por delegación recollido no artigo 7 da Lei 7/1985

- Non se poña en risco a sustentabilidade e financeira
- Non sexan un suposto de execución simultánea por outra Administración ,
- Debéndose acadar informe previa da Administración competente na materia

O concello de Cerdido non iniciou ningún expediente administrativo para delegación de competencias de Educación e de Turismo , ámbito competencial que a continuación xustifico a súa



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

consideración como non propias do concello :

Educación.

No Estatutos figura como un dos fins da asociación : O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio , nos ámbitos da investigación , educación (regrada e non regrada)² difusión e o impulso das ciencias naturais e ambientais .

Os concellos soamente teñen competencia propia en materia de educación no supostos que establece a Lei 7/1985 no seu artigo 25 , que establece como competencias propias :

Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes.

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Neste sentido cabe lembrar o artigo 8 da Lei Orgánica da Educación que establece que :

(..) comunidades Autónomas poderán convir a delegación de competencias de xestión de determinados servizos educativos nos municipios ou agrupacións de municipios que se configuren para o efecto, a fin de propiciar unha maior eficacia, coordinación e control social no uso dos recursos.


Claramente , a educación regrada e non regrada asi como a investigación non é competencia municipal , non habendo ningún expediente administrativo que delegue esta competencia no Concello de Cerdido.

Turismo .Outro dos puntos dos Estatutos que creo inciden en competencias autonómicas e polo tanto non propias da Administración local é a promoción do turismo , a mellora da calidade e oferta turística do territorio á vista da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia. Asi o establece o artigo 27 da Lei 7/1985 o establecer como competencia delegable por parte da comunidade autonomía é a Promoción e xestión turística Neste punto solicitei o día 03/10/2019 , vía correo electrónico unha aclaración deste tema o servizo de turismo da Deputación da Coruña , sen que a día de hoxe recibira contestación algunha .

Por ultimo , gustaría reforzar as miñas consideracións xurídicas con parte da consulta realizada a Observatorio de estabilidade presupuestaria de COSITAL que expoñen para este caso concreto as seguintes conclusións:

(...)En principio, la constitución de una asociación como la que se indica implica la gestión asociada de una competencia que quizá no sea estrictamente local, por lo que la tramitación de una competencia impropia puede corresponder. En este sentido, es claro que el municipio

².- Entendendo como educación regrada , o conxunto de ensinos que se atopan dentro do Sistema Educativo Español que se imparten (de forma presencial, a distancia ou mixta), en centros públicos ou privados de ensino, colexios e institutos, Universidades, academias oficiais de formación, etc. Neste caso o alumno obtén un título oficial con validez académica. E como educación non regrada aquela que non está contemplada polo Ministerio de Educación, Está adaptada á sociedade e ten a misión de formar e capacitar ás persoas para o traballo, ademais de actualizar as súas competencias e coñecementos ao longo da súa vida profesional



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

incumplidos de la RG no podría asumir esta competencia en la vigencia de un PEF, que no contempla esta medida. Por lo que ese municipio no puede asumir este gasto. Mientras no se aporte y acompañe el proyecto real de los gastos, como en cualquier otro servicio o gestión, lo primero (art. 85 LBTL) es determinar la forma más económica de esa gestión, en el entendido de que la creación de un entramado organizativo es un fraude de Ley por sí mismo: se están creando plazas sin previa OEP, y creando un organismo para gestionar un servicio impropio (art. 7.4 Ley 27/2013), lo que implica asumir obligaciones pro futuro de forma indeterminado y sin estudio económico ni proyecto alguno, y sin contar con la autorización para gestionar un servicio impropio, que no cuenta con ningún estudio previo ni con un proyecto con presupuesto de costes.(..) En el caso, se debe aportar un estudio de viabilidad del proyecto, puesto que late un acuerdo o convenio intermunicipios para prestar un servicio, que requiere el mismo trámite o mayor que cualquier contratación de la gestión de un servicio, resulta de aplicación el art. 85 de la Ley de Bases, y la DA 9ª de la Ley 27/2013. Aunque suene un poco fuerte, lo que se pretende es nulo de pleno derecho, puesto que no hay proyecto, ni estudio de costes y viabilidad, ni expediente de gestión de ese servicio, ni la más mínima realidad tangible del alcance económico de lo que se pretende, y de las obligaciones que se asumen en esa supuesto gestión asociada, parece que se aprueba un cheque en blanco

CONCLUSIONS: Salvo erro involuntario na interpretación do ordenamento xurídico no seu conxunto considero que o acordo a adoptar polo Pleno do Concello de Cerdido e a vista da falta de documentación e os incumprimentos legais que explico neste informe , considero que pode ser **NULO DE PLENO DEREITO** ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei 39/2015 polo motivos e) e f) **por ser un acto contrario ao ordenamento xurídico** . Informe , que contén cinco páxinas , que asino en Cerdido a dezaste de xaneiro de 2020




San Sadurniño

INFORME SOBRE ADHESIÓN A CONVENIO

EXPEDIENTE: Adhesión á “Asociación para a xestión do xeparque do cabo Ortegal”.

IMPORTE: Sen obrigas orzamentarias.

INFORME: Por parte da Alcaldía emítense proposta sobre a adhesión á Asociación de que se trata e aprobación dos seus estatutos, que se xuntan á proposta, formulada para o seu debate no Pleno do Concello, na sesión ordinaria que corresponde celebrar o próximo xoves, 26 de setembro.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

Examinada a proposta e os estatutos, considérase que son conformes coa legalidade vixente, regulando unha serie de aspectos organizativos e de funcionamento da futura asociación, así como o seu réxime económico. Neste aspecto cabe sinalar que a aprobación dos estatutos non implicará de forma inmediata o recoñecemento de obriga económica algunha, para a que en principio tampouco consta a existencia de aplicación orzamentaria específica na presente anualidade 2019, pero si suporá a asunción de compromisos económicos, alomenos os derivados do pago das coutas de pertenza á asociación, que aínda están por cuantificar e sobre os que se informará cando deban ser aportados.

Examinada a documentación do expediente, e tendo en conta que non ten repercusión económica algunha no presente momento, considérase que **non existe inconveniente desde o punto de vista legal para a adhesión** deste Concello á entidade asociativa de que se trata nin para a aprobación dos seus estatutos.

Polo referido á competencia para a adopción do acordo de adhesión, o órgano competente para a contratación será o Pleno, en aplicación do indicado no artigo 22-2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

San Sadurniño, 19 de setembro de 2019.

O Secretario-interventor,
Miguel A. Arroyo Moreno.

Concello de Cedeira

Tlfn: 981 480 000- fax: 981 482 506 | correo@cedeira.dicoruna.es

CIF: P-1502200-G | Rúa Real,15 | 15350 Cedeira - A Coruña


INFORME DE SECRETARÍA Asunto: **Aprobación dos Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal.**

ANTECEDENTES:

Mediante acordo plenario adoptado en sesión realizada o 14.11.2017 foi aprobado o Convenio polo que se establecen as Bases de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño para regular o proxecto Xeoparque Ortegal, segundo o texto proposto polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña.

Dito convenio configurouse como un instrumento de cooperación interadministrativa a través do cal os concellos agrupados poden acordar a prestación conxunta de servizos públicos mediante o desenvolvemento dunha comunidade intermunicipal sobre a base do referido convenio marco e a posterior aprobación de convenios específicos para cada servizo ou actividade consorciada. Prevése a prestación pola Deputación de apoio xurídico, económico e técnico para o asesoramento e, no seu caso, desenvolvemento ou xestión, dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

En data 26.09.2019 remítense desde o Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña os Estatutos definitivos para a creación da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal, indicando que foron revisados pola presidencia da comunidade intermunicipal. Mediante Providencia da Alcaldía de data 14.01.2020 solícítase a emisión de informe de Secretaría e Intervención ao respecto.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA.- Asociacións constituídas polas entidades locais. Réxime xurídico.

De conformidade co previsto na Disposición Adicional Quinta da LBRL, as entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará, en defecto de normativa específica, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

As asociacións de entidades locais rexeranse polos seus Estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, os cales deberán garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno. Así mesmo, sinalarase nos estatutos a periodicidade coa que haxan de realizarse as Asambleas Xerais Ordinarias, en caso de que dita periodicidade sexa superior á prevista, con carácter xeral, no artigo 11.3 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.


Ditas asociacións, no ámbito propio das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas Administracións Públicas, e de conformidade co establecido no artigo 12.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán actuar como entidades colaboradoras da Administración na xestión das subvencións das que poidan ser beneficiarias as Entidades Locais e os seus organismos dependentes.

SEGUNDA.- Constitución de asociacións polas entidades locais.

A constitución de asociacións regúlase nos artigos 5 a 10 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, onde se establece que as asociacións se constituén mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos, medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns, de interese xeral ou particular, e dótanse dos Estatutos que rexen o funcionamento da asociación.

Os Estatutos da asociación deberán conter os seguintes extremos:

- a) A denominación.
- b) O domicilio, así como o ámbito territorial en que haxa de realizar principalmente as súas actividades.
- c) A duración, cando a asociación non se constituía por tempo indefinido.
- d) Os fins e actividades da asociación, descritos de forma precisa.
- e) Os requisitos e modalidades de admisión e baixa, sanción e separación dos asociados e, no seu caso, as clases destes. Poderán incluír tamén as consecuencias da falta de pagamento das cotas por parte dos asociados.
- f) Os dereitos e obrigacións dos asociados e, no seu caso, de cada unha das súas distintas modalidades.
- g) Os criterios que garantan o funcionamento democrático da asociación.
- h) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do seu cesamento, a forma de deliberar, adoptar e executar os seus acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificarlos e requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos, así como a cantidade de asociados necesaria para poder convocar sesións dos órganos de goberno ou de propoñer asuntos na orde do día.
- i) O réxime de administración, contabilidade e documentación, así como a data de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

peche do exercicio asociativo.

j) O patrimonio inicial e os recursos económicos dos que se poderá facer uso.

k) Causas de disolución e destino do patrimonio en tal suposto, que non poderá desvirtuar o carácter non lucrativo da entidade.

Os Estatutos tamén poderán conter calquera outras disposicións e condicións lícitas que os promotores consideren convenientes, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da asociación. O contido dos Estatutos non poderá ser contrario ao ordenamento xurídico.

No presente expediente preténdese a constitución dunha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que se nomeará “Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal”, e poderán formar parte da mesma todos os concellos que integren o Proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal. No momento de constitución o domicilio social da asociación radicará na Casa Consistorial do concello de Moeche, e exercerá as súas actividades fundamentalmente nos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño. Constitúese por tempo indefinido e só se disolverá pola vontade dos asociados expresada en sesión extraordinaria da Asemblea Xeral ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Os fins principais da asociación son os seguintes (artigo 5 dos estatutos) :

1) A promoción do desenvolvemento sostible e equilibrado do territorio que conforma o proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, con especial apoio dos seus valores xeolóxicos, naturais e culturais, mediante o desenvolvemento de accións e a posta en marcha de actividades cuxo efecto repercute no beneficio das persoas que viven no devandito territorio.

2) A protección e conservación do patrimonio natural do territorio, facendo especial fincapé no seu patrimonio xeolóxico e a súa posta en valor como recurso, coa finalidade do desenvolvemento económico e social da súa poboación.

3) O fomento das ciencias da Terra no devandito territorio, nos ámbitos da investigación, educación e difusión, e o impulso doutras ciencias naturais e ambientais.

4) A posta en valor, dinamización, recuperación e difusión do patrimonio cultural.

5) A promoción e realización de actividades vinculadas ao patrimonio cultural material e inmaterial (lingua, tradicións, costumes, oficios, memoria oral, creación artística, etc.), con prioridade a aquelas actividades directamente relacionadas co patrimonio xeolóxico, paleontolóxico e arqueolóxico.

6) O fomento da educación ambiental, con especial atención aos valores propios do territorio.


7) O fomento do turismo, especialmente o vinculado á natureza, con especial atención aos seus valores xeolóxicos, así como o turismo cultural, sempre dentro dun marco de sustentabilidade.

8) A mellora da calidade e a oferta turística do territorio.

9) A dinamización de actividades económicas compatibles cos recursos naturais e culturais do territorio, apoiando especialmente as iniciativas relacionadas cos produtos locais.

10) A promoción e o apoio ás accións de cooperación con outras entidades que poidan contribuír ao impulso dos fins da asociación.

11) O fomento do contacto e da relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa dos recursos naturais e culturais, e nomeadamente da figura dos xeoparques. 12) A realización doutras actividades que



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

promovan o desenvolvemento económico, social e ambiental do territorio dos concellos vinculados ao proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Establecense como órganos de goberno da asociación os seguintes:

- Asemblea Xeral, órgano soberano da asociación formada por todos os representantes das Corporacións asociadas. Entre outras competencias, correspóndelle á aprobación das cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias, dos orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- Xunta directiva, órgano do goberno da asociación formada pola Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría e tres vogais.
- Presidencia, que será designada por sorteo entre as persoas representantes de cada un dos concellos, e posteriormente traspasada de forma rotativa e por orde alfabética de municipios. As persoas que ocupen os cargos da Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría e as tres vogalías que completan a Xunta directiva serán designadas por orde alfabética, a partir do concello que ocupe a presidencia. A duración do mandato da Presidencia será dun ano.

Polo que se refire ao réxime económico da asociación, indícase no artigo 4 e no Capítulo V dos estatutos (artigos 24 a 26) que a asociación nace sen patrimonio propio, contará cun orzamento formado polas achegas anuais dos seus membros, así como por outros recursos aos que acceda a asociación, todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, o seu patrimonio será independente do dos seus asociados, e os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.


O artigo 26 dos estatutos sinala, en relación ós recursos da asociación, que as cotas ordinarias, de carácter anual, serán determinadas pola asemblea xeral proporcionalmente á poboación actualizada de cada concello, mentras que as achegas extraordinarias deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.

Polo tanto, a adhesión á asociación implicará a existencia de obrigas económicas para o Concello, debendo ter en conta esta previsión en canto á consignación de dotación económica nos orzamentos municipais, que terá que facerse mantendo o respecto ao cumprimento das magnitudes orzamentarias de aplicación: estabilidade e sostibilidade financeira.

A previsión xenérica dos estatutos en canto as cotas ordinarias, sen concretar as contías que poden supoñer a adhesión á asociación, supón que o concello asume unha serie de obrigas económicas descoñecendo o seu importe concreto e por tanto a incidencia que poderían ter no cumprimento das magnitudes de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e demais obrigas de carácter económico.

Isto implicará que, chegado o momento, os órganos xestores terán que valorar en cada caso concreto a incidencia das obrigas económicas asumidas coa pertenza á asociación e realizar os axustes orzamentarios oportunos, poidendo darse o caso de que o incremento de gasto teña que ser compensado con minoración noutras partidas. Todo elo sen prexuízo do que se informe pola Intervención municipal ao respecto do previsto na Disposición Adicional Novena apartado 1 da LBRL para o caso de entidades locais con plan económico financeiro vixente:

“Las Entidades Locales del artículo 3.1 de esta Ley y los organismos autónomos de ellas dependientes no podrán adquirir, constituir o participar en la constitución, directa o indirectamente, de nuevos organismos, entidades, sociedades, consorcios,



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

fundacións, entidades e demais entes durante o tempo de vigencia de su plan económico-financiero o de su plan de ajuste.

Las entidades mencionadas en el párrafo anterior durante el tiempo de vigencia de su plan económico-financiero

o de su plan de ajuste no podrán realizar aportaciones patrimoniales ni suscribir ampliaciones de capital de entidades públicas empresariales o de sociedades mercantiles locales que tengan necesidades de financiación. Excepcionalmente las Entidades Locales podrán realizar las citadas aportaciones patrimoniales si, en el ejercicio presupuestario inmediato anterior, hubieren cumplido con los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y su período medio de pago a proveedores no supere en más de treinta días el plazo máximo previsto en la normativa de morosidad."

Debe sinalarse ao respecto que por acordo plenario de data 30.12.2019 aprobouse inicialmente o Plan Económico-Financeiro 2019-2020 do Concello de Cedeira, que estará en vigor durante o prazo sinalado ou ata que se acade o obxectivo do cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria, segundo os datos derivados das liquidacións orzamentarias dos exercicios respectivos. O expediente debe someterse a información pública por prazo de 15 días, dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP e no taboleiro de edictos, e no caso de non presentarse reclamacións o acordo considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Á data de emisión do presente informe aínda non foi publicado no BOP o anuncio de información pública, estando o expediente en fase de aprobación inicial, polo que non pode considerarse o plan económico-financiero como vixente no momento presente; non obstante debe terse en conta que de quedar aprobado definitivamente o plan, o cumprimento das obrigas derivadas da integración do concello na asociación podería coincidir no tempo coa vixencia do plan.


Por último debe destacarse que os estatutos, no seu artigo 23, prevén que a asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión, cun carácter profesional e que haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. Indícase que as funcións da referida oficina, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola asociación.

Á vista das funcións da xerencia relacionadas no citado artigo, debe pórse de manifesto neste momento (sen prexuízo da emisión, de ser necesario, de informe xurídico que analice a cuestión, recollida nos estatutos como unha alternativa á contratación de persoal pola asociación) a dificultade ou mesmo imposibilidade de que as mesmas sexan desenvolvidas por persoal do propio concello, que á vista da redacción do artigo parece que se está a establecer como unha posibilidade, xa non só pola elevada carga de traballo existente, a cal véese incrementada polas limitacións á contratación de persoal impostas polas sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, senón tamén atendendo á vinculación dos funcionarios e persoal laboral municipal co concello e ó cumprimento das funcións establecidas no CPT.

TERCEIRA.- Ámbito competencial.

Na Consideración Segunda do presente informe relaciónanse os fins principais da asociación establecidos no artigo 5 dos estatutos, debendo procederse o análise do ámbito competencial.

O artigo 25.1 da LBRL establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo, que no seu apartado 2 enumera as materias nas que o Municipio exercerá en todo caso competencias propias nos termos da lexislación estatal e autonómica.

Entre ditas materias nas que o Municipio exercerá competencias propias gardan relación coa actividade da asociación as seguintes: protección e xestión do Patrimonio histórico (25.2.a); medio ambiente urbano, parques e xardíns públicos (25.2.b); información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local (25.2.h); ocupación do tempo de lecer (25.2.l); e promoción da cultura e equipamentos culturais (25.2.m).

CUARTA.- Órgano competente e procedemento.

De acordo co previsto no artigo 6 dos estatutos, o acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da Corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e o cumprimento dos presentes estatutos, nomeando cada concello unha persoa como representante na Asemblea Xeral.

De conformidade co previsto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da LBRL, o órgano competente será o Pleno do Concello, requiríndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Será necesario a emisión de informe previo pola Secretaría e Intervención municipais (173 ROF, 54 TRRL, 3.3.c) e 4.1.b).5º do Real Decreto 128/2018).

A alta na asociación será solicitada pola Presidencia da Corporación, previo acordo plenario, mediante escrito dirixido á Presidencia da asociación, quen lle dará conta á Asemblea Xeral, e esta deberá acordar acceder ou non á admisión.

CONCLUSIÓN:

Vista a lexislación aplicable e o procedemento para a constitución da asociación, considérase que o contido dos Estatutos da Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal axústase á normativa exposta, coas salvidades e advertencias formuladas na consideración segunda sobre as posibles repercusións económicas e orzamentarias e as implicacións da vixencia dun plan económico-financeiro, e sobre as previsións relativas ó desenvolvemento por *“persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación”* das funcións, incluídas as de xerencia, da oficina técnica de xestión que poderá establecerse de acordo co previsto no artigo 23 dos estatutos, para o caso de que dita previsión se refira a persoal propio do concello.


Salvo opinión mellor fundada en Dereito.

Cedeira, 16 de xaneiro de 2020.

A Secretaria. Ana Velo Ruiz

Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobaron a proposta anterior . Cinco votos a favor dos concelleiros Marina Tojeiro Martinez, David Prada Aneiros, Cristian Carrodegas Graña, Patricia Santalla Perez, e o voto do alcalde accidental Candido Eusebio Prieto Lago e dous votos en contra dos concelleiros Maria-Amalia Diaz Rodriguez e Alberto Javier Rey Paz.

O alcalde accidental explica que respetamos a opinión da secretaria do Concello pero non a compartimos, existe catro informes, tres a favor e un en contra. É preciso aprobar os estatutos para poder presentar a candidatura para o Xeoparque, a asociación créase para acceder as subvencións, por iso no veñen determinadas as cotas, no momento que se determinen deben vir



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exp. 2020/G010/000001

ao Pleno , en relación as competencias de educación , non se pretende dar ningún título unicamente xornadas de divulgación nos colexios e institutos e menciona que no xeoparque de Granada son os colexios e institutos os que demandan estas xornadas , e en relación ao turismo engade que o artigo 137 da Constitución garante a participación dos concellos nestes asuntos , e a Constitución esta por encima do ordenamento xurídico . Este é un proxecto moi interesante e so queda Ortigueira e nós por adherirnos , no restos dos concellos todos os partidos políticos apoiaron esta proposta salvo un caso que se abstiveron .

O concelleiro Alberto Javier Rey Paz amosa a súa sorpresa por traer a votación este asunto ao pleno . Non se sabe o que vai custar , que gastos debemos asumir , quen vai a pagar o xerente , con este acordo comprométese uns gastos que non se saben cales van a ser e pregunta si creedes que sabedes mais Dereito que a secretaria do Concello .

A concelleira Marina Tojeiro Martinez explica que se tres concellos aproban o acordo e o noso aínda non , estarán equivocados os tres o estará equivocado o noso .

A concelleira Amalia Diaz Rodriguez explica que o proxecto parécelle interesante pero non se pode aprobar un acordo en contra do ordenamento xurídico , e engade que non se sabe nada do que vai a custar e os gastos que vai orixinar.

O alcalde accidental explica que a asociación se crea para recibir subvencións , a Deputación xa concedeu 500.000,00 € . O gasto da cotas vaise a traer ao Pleno e entende que é un proxecto moi interesante para o Concello , e ademais engade que sopesaron os informes existentes a favor do proxecto e anuncia que contan co apoio da Deputación da Coruña , mentres siga este equipo de goberno .

E ,non habendo mais asuntos que tratar , a presidencia levantou a sesión sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día 24 de xaneiro de 2020.

o alcalde

A secretaria-interventora

Benigno Galego Castro

Paula Diaz Tie